



A Asociación Veciñal do Saviño , en resposta á invitación feita dende a Confederación Hidrográfica Miño-Sil a colaborar e participar no Plan Hidrolóxico , diríxese a esa institución co ánimo de facer efectiva a colaboración veciñal no citado plan , para o que enviamos unha serie de suxerencias ou propostas .

Dadas as características rurais do noso concello , e as actividades productivas desenvoltas no mesmo , estas propostas foron pensadas e planificadas para o noso entorno concreto , pero cremos que poden extrapolarse e aplicarse noutros concellos das mesmas características socioeconómicas .

#### SUXERENCIAS :

**1-** Necesidade de ubicar estacións depuradoras de augas residuales ( EDAR ) próximas ó medio rural .

Como queira que no noso medio a mais grande causa de contaminación hidrolóxica é a orgánica , derivada dos puríns das explotacións gandeiras e das fosas sépticas das vivendas rurais , xerando **contaminación difusa** ; podería evitarse coa ubicación de plantas de sedimentación e depuración destes residuos . No noso concello , debido á extensión do mesmo , precisaríanse dúas , unha na zona N. e outra na S. , podendo dar cobertura tamén a parte dos concellos limítrofes de Paradela e Pantón .

Considérase de importancia xa que algunha alternativa haberá que ofrecer ós produtores destes residuos , non só coa sanción dos mesmos se soluciona esta problemática tan extendida no medio rural . Podería incluírse nas **medidas de saneamento e depuración contempladas no Plan de Lodos de Galicia** .

**2-** Limitación dos permisos para a construción de máis explotacións hidroeléctricas nos pequenos ríos . Control estricto dos caudais mínimos esixidos nas minicentraís funcionantes .

Tendo en conta a superexplotación dos ríos Miño e Sil , e a presenza dabondo de minicentraís eléctricas , de escaso interese enerxético pola baixa potencia xenerada , e de beneficio privado en detrimento do interese común polos moitos perxuízos ocasionados sobre estes cauces pouco caudalosos , solicitamos se poña coto á concesión de máis permisos de explotación .

Trátase de evitar máis represas nos ríos afluentes de pequeno caudal que coas súas paredes **modifican a masa de auga superficial natural , transformandoos en augas moi modificadas .**

Esta proposta debería incluírse no **límite de concesións por sostenibilidade ( medidas de enerxía ) .**

No noso concello solicitamos en concreto se teñan en conta as alegacións presentadas por esta asociación en oposición á concesión do permiso da explotación solicitada no río Sardiñeira , denominada Salto de Amieiros . Basamos ó noso rechazo en : 1º- Supón unha grave modificación da fauna piscícola , xa que é un coto de pesca ( o único do concello ) . 2º- Suporía a desaparición da vexetación ripícola existente ( alisos , vídalos , abelairas, etc ) . 3º- Conlevaría o anegamento de construcións catalogadas como patrimoniais ( represas , muiños ) . 4º- Interrompería vías de tránsito ( camiños e a prevista ruta sendeirista do río Sardiñeira ) . 5º- Augas arriba realízase a captación de auga para servizo dunha gran parte da poboación e está previsto o incremento da rede de auga municipal , polo que é máis que probable unha importante merma do caudal que faría máis inviable dita explotación .

Dita zona podería solicitarse como **espacio protexido medioambiental e incluírse nunha das prioridades do uso das augas : a recuperación de valores ambientais ( capítulo IV do Plan ) .**

3- Dentro do capítulo de recuperación dos valores ambientais , e máis concreto a incluír nas **medidas de restauración dos leitos e cauces** , no concello do Saviñao sería de interese a recuperación do río Pesqueiras como río troiteiro que foi coto de pesca . Actualmente modificado polos vertidos históricos da depuradora de Escairon ( xa correxidos ) así como da central leiteira CELEGA no lugar da Torre . Podería incluírse na **Estrategia Nacional de Recuperación de Ríos .**

4- Dentro do Programa de Conservación e Mellora do Dominio Público Hidráulico incluír a limpeza periódica nas épocas estivais dos cauces dos ríos , retirando restos arbóreos e vexetais ( **medidas de restauración de**

leitos ) . No Saviñao son de preferencia os ríos Sardiñeira , Pesqueiras , Pez , Portiño e Barrantes .

5- Recordar con campañas de información da prohibición de vertidos de puríns e lodos a menos de 100 m. dos cauces e fontes hidrolóxicas .

6- Comprobación periódica da calidade das augas a súa saída das depuradoras dos puntos industriais , para evitar posteriores catastrofes sobre a fauna e a flora , de lenta e costosa recuperación ambiental .

7- Pozos artesanais e de barrena .

Aconséllase un maior control nas concesións dos permisos para novas aperturas destes pozos pola repercusión que podan ter sobre o nivel das augas subterráneas . Comprobación da idoneidade destas perforacións asegurando que non afectarán ó nivel das augas dos veciños . Asegundo se recolle no capítulo IV referente ás **prioridades dos recursos subterráneos e o Plan Alberca** .

8- Intentar recuperar o caudal ecolóxico en augas desembalsadas .


A actuación no noso concello concrétese xusto baixo os aliviadeiros da presa de Belesar , onde o cauce do río Miño interrómpeuse un bó tramo ( uns 300 m. ) xa que o desauge realízase uns 500 m. máis abaixo do encoro . Propónse tentar de conseguir un caudal contínuo mínimo a traves da apertura das comportas dos aliviadeiros , que ata agora só se abren nas situacións de máxima capacidade .

9- Cuantificación e limitación das augas para usos recreativos ( campos de golf , piscinas , etc. ) a fin de controlar ese consumo non imprescindible .

Polo que se desprende da Memoria , non se dispón da cantidade real do uso da auga para estas instalacións , que ademais en moitos casos recurren tamén ás augas subterráneas comprometendo seriamente ós mananciais , supoñendo unha importante redución das augas para uso social ó ser extraccións de grandes volúmenes .

Parece excesiva a demanda de auga no Miño alto e baixo para uso recreativo ( 26 % e 56 % respectivamente ) .

Facendo efectiva a colaboración veciñal ó Plan Hidrolóxico Miño – Sil ,  
despédese de Vde. o presidente da Asociación Veciñal do Saviñao , a 6 de  
xuño do 2011 .



A/A do Secretario Xeral da Confederación Hidrográfica Miño – Sil , Don.  
Manuel Gonzalez Torres .